



## Concello de Bueu

### ACTA NÚM. 8 DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, EN QUENDA LIBRE E MEDIANTE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, DUNHA VACANTE DE ARQUITECTO/A (A1), INCLUÍDA NA OEP 2024

#### Asisten:

Presidenta: Ana Isabel Fuentes García

Vogais: Rafael del Barrio Barbel (quen asiste a distancia ao abeiro do art. 17.1 LRXSP); e Ignacio Diz Gómez

Secretaria: Lara Otero Díaz

Non asiste con escusa Sara Piñón Esteban.

En Bueu, mediante sesión mixta, sendo as 11.17 horas do día 23 de marzo do 2026, reúnese o tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura mediante persoal funcionario de carreira dunha vacante de arquitecto/a (A1), segundo as bases aprobadas pola XGL o 18.02.2025 (CSV CXGD2Y9WYPFHPZ2754A5XMP34) e nomeado mediante a R.A 2026-0036 do 08.01.2026 (CSV 44MXLGGZ45WKAC5HJ4QXK9G), coa asistencia das persoas anteriormente relacionadas.

O pasado 06.03.2026 foron convocadas á realización do 3º exame do proceso ás 7 persoas que resultaron ser aptas no 2º exercicio (tipo test), o 23.03.2026 ás 11.30 horas na biblioteca municipal Torrente Ballester.

Respecto diso, segundo as bases 9 das reguladoras:

*“TERCEIRO EXERCICIO: Este exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes que teñan superado os exercicios obrigatorios previos, consistirá na resolución por escrito dunha proba de tipo teórico-práctico, relacionada coas materias comprendidas nos temas 21 a 95 (incluídos) do Anexo II. No exercicio proporanse polo tribunal ata un máximo de dez preguntas de extensión curta ou axeitada ao tempo de realización do exame, que impliquen un desenvolvemento teórico e/ou práctico dos coñecementos requiridos. O cuestionario de preguntas curtas será determinado polo Tribunal inmediatamente antes da súa realización. O tempo máximo para a realización do exercicio será de dúas horas (120 minutos). A proba cualificarase de 0 a 10 puntos, debéndose obter unha puntuación mínima de 5 puntos para superalo, correspondendo ao tribunal determinar o número mínimo de preguntas acertadas necesario para alcanzar a dita puntuación, que non terá por que corresponderse necesariamente co 50% das preguntas acertadas. As puntuacións obtidas por cada aspirante serán as medias aritméticas das cualificacións outorgadas por cada membro do tribunal”.*

Así as cousas, de entre a batería de 13 preguntas escóllense 10 polo tribunal e este fixa os criterios de corrección que se darán a coñecer ás persoas aspirantes. En consecuencia, as impresións das follas identificativas e dos exames comeza ás 11.27 horas e remata ás 11.28 horas.

A versión escrita do exame entregada ás persoas aspirantes é a seguinte (inclúe a versión en lingua castelá e galega, así como os criterios de corrección):

Concello de Bueu

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029



### CRITERIOS DE CORRECCIÓN

Los criterios de corrección y cualificación son los siguientes:

- 1)) Identificación normativa precisa. Se valorará la contextualización y fundamentación jurídica del tema/pregunta, demostrando unos conocimientos teóricos adecuados, con un nivel de profundidad razonable y actualización de contenidos.
- 2)) Claridad, capacidad de síntesis y rigor técnico. Se valorará la precisión terminológica, la capacidad expositiva, la riqueza léxica, la estructura y la sintaxis fluida.
- 3)) Exhaustividad y precisión técnica complementaria. Se valorarán las referencias jurisprudenciales, doctrinales y similares así como la aplicación, en su caso, al caso planteado.
- 4)) TODAS LAS PREGUNTAS SE PUNTUARÁN CON 1 PUNTO.

**NO FIRME, NO INCLUYA SU NOMBRE, DNI NI NINGÚN DATO IDENTIFICATIVO EN LAS HOJAS DEL EXAMEN QUE CONTENGAN SU RESPUESTA A LAS PREGUNTAS CORTAS O SU EXAMEN SE PUNTUARÁ CON CERO PUNTOS. SOLO PUEDE INCLUIR LA ETIQUETA ANONIMIZADA O, SI UTILIZA MÁS HOJAS QUE ETIQUETAS SOBANTES, LA REFERENCIA MANUSCRITA DEL CÓDIGO IDENTIFICATIVO DE LA ETIQUETA ANONIMIZADA**

1. Conforme a lo establecido en el anexo II de la parte I del CTE, que documentos constituyen la documentación obligatoria del seguimiento de la obra.
2. Conforme a lo establecido en el Documento Básico DB-SI Seguridad en caso de incendio, del Código Técnico de la Edificación, aprobado por el Real decreto 314/2006, de 17 de marzo, explique las condiciones de evacuación de los ocupantes respecto a la longitud de los recorridos de evacuación y número de salidas.
3. Condiciones de diseño de las rampas en itinerarios accesibles, conforme a lo establecido en el Documento Básico DB-SUA Seguridad de utilización y accesibilidad, del Código Técnico de la Edificación, aprobado por el Real decreto 314/2006, de 17 de marzo.
4. Defina lo que es un alojamiento compartido y explique su regulación según la Ley 8/2012 de vivienda.
5. Regulación de los itinerarios peatonales accesibles en la Orden TMA/851/2021: definición y requisitos que deben cumplir (artículo 5 de dicha Orden).
6. Régimen jurídico de la comunicación previa en la Ley 9/2013 de emprendimiento de Galicia y efectos de su presentación para el inicio de la actividad.
7. Régimen jurídico de las edificaciones en situación de fuera de ordenación en la Ley del Suelo de Galicia y su reglamento: supuestos, usos y obras permitidas.
8. Sistemas de actuación en la Ley del Suelo de Galicia: regulación, características y diferencias entre las distintas modalidades.
9. Planes especiales de infraestructuras y dotaciones en la Ley del Suelo de Galicia: objeto, contenido y procedimiento de aprobación con evaluación ambiental simplificada.
10. El ayuntamiento de Bueu dispone de un inmueble destinado a "casa de la juventud". Como ya dispone de otros equipamientos municipales suficientes para ese uso, pretende vender el inmueble a un tercero seleccionado tras un procedimiento competitivo. Indique: la naturaleza jurídica actual del bien, si es posible el nuevo uso pretendido y, en su caso, qué actuación sería necesaria y cuál sería el órgano competente para autorizar ese nuevo uso.

### CRITERIOS DE CORRECCIÓN

Os criterios de corrección e cualificación son os seguintes:

- 1)) Identificación normativa precisa. Valorarase a contextualización e fundamentación xurídica do tema/pregunta, demostrando uns coñecementos teóricos adecuados, cun nivel de profundidade razoable e actualización de contidos.



- 2)) Claridade, capacidade de síntese e rigor técnico. Valorarase a precisión terminolóxica, a capacidade expositiva, a riqueza léxica, a estrutura e a sintaxe fluída.
- 3)) Exhaustividade e precisión técnica complementaria. Valoraranse as referencias xurisprudenciais, doutrinais e similares así como, no seu caso, ao caso exposto.
- 4)) **TODAS AS PREGUNTAS PUNTUARANSE CON 1 PUNTO.**

**NON ASINE, NON INCLÚA O SEU NOME, DNI NIN NINGÚN DATO IDENTIFICATIVO NAS FOLLAS DO EXAME QUE CONTEÑAN A SÚA RESPOSTA ÁS PREGUNTAS CURTAS OU O SEU EXAME PUNTUARASE CON CERO PUNTOS. SO PODE INCLUIR A ETIQUETA ANONIMIZADA OU, SE UTILIZA MÁIS FOLLAS QUE ETIQUETAS SOBANTES, A REFERENCIA MANUSCRITA DO CÓDIGO IDENTIFICATIVO DA ETIQUETA ANONIMIZADA**

1. Conforme ao establecido nel anexo II de la parte I del CTE, que documentos constitúen a documentación obrigatoria do seguimento de la obra.
2. Conforme ao establecido no Documento Básico DB-SI Seguridade en caso de incendio, do Código Técnico da Edificación, aprobado polo Real decreto 314/2006, do 17 de marzo, explique as condicións de evacuación dos ocupantes respecto á lonxitude dos recorridos de evacuación e número de saídas.
3. Condicións de deseño das ramplas en itinerarios accesibles, conforme ao establecido no Documento Básico DB-SUA Seguridade de utilización e accesibilidade, do Código Técnico da Edificación, aprobado polo Real decreto 314/2006, do 17 de marzo.
4. Defina o que é un aloxamento compartido e explique a súa regulación segundo a Lei 8/2012 de vivenda.
5. Regulación dos itinerarios peonís accesibles na Orde TMA/851/2021: definición e requisitos que deben cumprir (artigo 5 da devandita Orde).
6. Réxime xurídico da comunicación previa na Lei 9/2013 de emprendemento de Galicia e efectos da súa presentación para o inicio da actividade.
7. Réxime xurídico das edificacións en situación de fóra de ordenación na Lei do solo de Galicia e o seu regulamento: supostos, usos e obras permitidas.
8. Sistemas de actuación na Lei do solo de Galicia: regulación, características e diferenzas entre as distintas modalidades.
9. Plans especiais de infraestruturas e dotacións na Lei do Solo de Galicia: obxecto, contido e procedemento de aprobación con avaliación ambiental simplificada.
10. O concello de Bueu dispón dun inmovible destinado a "casa da mocidade". Como xa dispón doutros equipamentos municipais suficientes para ese uso, pretende arrendar o inmovible a un terceiro seleccionado tras un procedemento competitivo. Indique: a natureza xurídica actual do ben, se é posible o novo uso pretendido e, no seu caso, que actuación sería necesaria e cal sería o órgano competente para autorizar novo uso.

As 11.38 horas iníciase o chamamento pola secretaria, identificando co seu DNI ás persoas admitidas, que toman asento na sala destinada ao efecto na Biblioteca central municipal. **Ningunha das 7 persoas convocadas queda eliminada do proceso porque todas se presentan.**

Os membros presentes do tribunal facilitna ás persoas aspirantes un conxunto de etiquetas con códigos identificativos para anonimizar a corrección, de entre as que cada aspirante escolle unha ao chou. A continuación a secretaria explica como cubrir a folha de identificación e cada aspirante introducea nun sobre que se pecha na súa presenza. Ademais explica as normas para a realización da proba: tempo máximo de realización, criterios de corrección e que entregarán ao tribunal soamente as follas de resposta ás 10 preguntas curtas que se lles proporán, que incluírá as etiquetas con código anónimo ou o código anonimizado manuscrito (para o que se non queren perder tempo do exame, ao rematar se lles outorgarán 1-2 minutos para cubrir en cada follas os 12 caracteres alfanuméricos). Sinálalles tamén que: cada pregunta vale un punto (o



mesmo as 10) e que non se esixe que sigan a orde das preguntas na contestación, que poderían comezar por exemplo pola 3 en vez de pola 1 e continuar pola 2; e que deberán numerar as follas. Asemade especifica que ninguén pode indicar o nome, asinar ou facer calquera sinal que permitira identificar o exame, en cuxo caso este puntuaríase con 0 puntos.

Ás 11.54 horas un aspirante fai notar unha diferenza na pregunta 10 entre a versión en castelán que fala de “vender” e a versión en galego que fala de “arrendar”. A secretaria do tribunal aclara de viva voz que os efectos xurídicos son os mesmos para o que se pregunta, pero que consideren e respondan como se en ambas opcións se preguntara por unha venda.

Con todo, a proba comeza ás 11.46 horas e indícase que dispoñen de 120 minutos para realizala, ata as 13.46 horas. As persoas aspirantes esgotan o tempo de realización do exame e outórganse os 2-3 minutos que precisan para cubrir o código anonimizado.

En consecuencia, o tribunal non dispón de tempo suficiente para a corrección na xornada de hoxe polo que acorda escanear os exames, asinalos dixitalmente para evitar repudios e remitilos aos 5 membros do tribunal para que cada un/ha cualifique separadamente ás persoas aspirantes. Despois, nunha sesión conxunta, outorgarase a nota coa media aritmética das 5 notas previamente definidas, segundo dispoñen as bases.

#### **A vista do que antecede, o tribunal acorda:**

1. Publicar esta acta no taboleiro de edictos e na web municipais.
2. Convocar ao tribunal o vindeiro 10.04.2026 ás 12.00 horas para cualificar ás persoas aspirantes e publicar os resultados obtidos outorgando un prazo de 5 días hábiles para alegacións.

Sen máis asuntos que tratar, levántase o acto ás 14.13 horas, ordenándose a redacción desta acta á secretaria que é asinada dixitalmente a través da plataforma de xestión de expedientes do concello de Bueu.

